

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: LISTA DE CANDIDATOS/AS E CONTRATACIÓN PEL 2024

Exptes: 2024/E001/000012, 2024/A008/000034

A Deputación da Coruña (Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica) publica no BOP núm 206 do 27 de outubro de 2023 as bases reguladoras do programa PEL-Concellos 2024 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluído na Liña 1.1 do Plan de emprego local (PEL).

A Base 3 das bases específicas do citado BOP recolle que: “o obxecto do programa é fomentar o emprego nos concellos mediante a contratación de persoal para a prestación de servizos municipais básicos e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos.

Tamén recolle na Base 6 das bases específicas que: “os concellos poderán solicitar como máximo a contía do módulo que lles corresponda en función da porcentaxe resultante de dividir o número de persoas desempregadas no concello entre o número total de persoas desempregadas nos concellos de menos de 50.000 habitantes, mentres que os concellos da Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela optarán pa un importe único de 75.000 euros, segundo figura Anexo I”.

No BOP núm 31 de 12 de febreiro de 2024 publícase a resolución pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia, incluído na liña 1.1 do Plan de Emprego Local (PEL-Concellos 2024), nesta o Concello de Fene aparece como beneficiario dunha subvención de 52.000,00€ para “Programa de integración laboral”.

Mediante resolución da Alcaldía núm. 642/2024 de data 21/05/2024 aprobáronse as bases da convocatoria para a contratación laboral temporal de 4 peóns/as mediante o sistema de concurso-oposición para a realización do programa de integración laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais financiado pola Deputación Provincial da Coruña as cales foron publicadas no taboleiro de edictos e na páxina web municipal.

Rematado o proceso selectivo, o tribunal de selección publicou o resultado do mesmo o 09/07/2024 concedendo un prazo de tres días naturais para a presentación das reclamacións que se estimaran oportunas.

Unha vez rematado o prazo de presentación de reclamacións, non houbo ningunha presentada.

O obxecto do proceso selectivo era a selección de 4 peóns, como persoal laboral temporal a xornada completa e por un período de 6 meses, para a realización do Programa de Integración Laboral subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña. As retribucións brutas mensuais dos postos de peóns ascenden a 2.078,59 € (1.781,65 € mais 296,94 € de p.p. extra).

Vista a proposta de alcaldía de data 15/07/2024.

Visto o informe da interventora núm. 120/2024 sobre existencia de crédito de data 16/07/2024.

Tendo en conta o anterior, de conformidade coa base 8ª e 9ª das bases de selección, esta alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes listas de aspirantes conforme á proposta do tribunal cualificador feita na acta do 09/07/2024:

Listaxe prazas peóns

	APELIDOS E NOME	TOTAL
1	PEREIRA ANTÓN JULIO	24
2	FERNÁNDEZ GARCÍA MANUEL	22
3	GONZÁLEZ PÉREZ NURIA	21

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

4	FERNANDEZ IGLESIAS ALEJANDRO	21
---	------------------------------	----

Listaxe de agarda prazas peóns

	APELIDOS E NOME	TOTAL
1	SOUTO PRIETO MANUEL	17
2	QUINTÍA CASTRO JORGE	12

SEGUNDO.- Requiritr á Julio Pereira Antón, Manuel Fernández García, Nuria González Pérez, e Alejandro Fernández Iglesias para que, no prazo improrrogable de 4 días naturais, a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web do Concello presenten a seguinte documentación:

- Certificado médico en impreso oficial do Colexio de Médicos e asinado por un colexiado en exercicio de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de peón.
- Informe acreditativo da condición de demandante de emprego
- Copia tarxeta sanitaria.
- Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais.
- Declaración xurada de non ter sido separado/a ou despedido/a mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas, Entidades Locais ou órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de emprego ou cargo público por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa contratación.

Se no prazo indicado os aspirantes non presentan a documentación requirida ou o resultado do recoñecemento médico fose “non apto”, procederase a requiritr ó/á seguinte aspirante por orde, da listaxe de agarda.

TERCEIRO.- Proceder á contratación, unha vez presentada a documentación requirida, de Julio Pereira Antón, Manuel Fernández García, Nuria González Pérez, e Alejandro Fernández Iglesias como persoal laboral temporal para peóns a xornada completa por un período de 6 meses para a realización do Programa de integración laboral subvencionado pola Deputación provincial da Coruña, cunhas retribucións brutas mensuais de 2.078,59 € (1.781,65 € mais 296,94 € de p.p. extra).

CUARTO.- Dar traslado ao departamento de persoal para que proceda a realizar os trámites necesarios para a formalización dos correspondentes contratos e altas na Seguridade Social.

QUINTO.- Dar traslado da presente resolución á intervención municipal.

SEXTO.- Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. A tal efecto, poderase interpoñerse RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Os prazos cóntanse a partir do día seguinte á publicación desta resolución na páxina web do Concello.

SÉTIMO.- Publicar a presente resolución na páxina web do concello e no taboleiro de edictos.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Manuel Larrosa Rodríguez, como secretario em acumulación, dou fe.

0-G
360
150
P-
F:
C.I.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).